CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Acadar o 50% da devandita táboa.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Acadar o 50% da devandita táboa.	TI	30
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Acadar o 50% da devandita táboa.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Acadar o 50% da devandita táboa.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Acadar o 50% da devandita táboa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Acadar o 50% da devandita táboa.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Acadar o 50% da devandita táboa.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Acadar o 50% da devandita táboa.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Acadar o 50% da devandita táboa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións

Contidos

- temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada dende o seminario de inglés está enfocada cara ao desenvolvemento das destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación, dende unha perspectiva integradora de todos os elementos necesarios para a correcta adquisición dunha lingua estranxeira. En todas as unidades se empezará con un obxectivo en mente (por exemplo, facer una descrición escrita de si mesmo), para o

cal o alumno necesitará unas ferramentas que lle permitan levar a cabo a devandita actividade. Así, verán primeiramente vocabulario en contexto relacionado co tema a tratar (por exemplo, adxectivos de descrición física), e tamén as estruturas lingüísticas que serán necesarias para poder falar do mesmo (por exemplo, o verbo to be para dicir "son" e o verbo to have para dicir "teño"). Ademais, terá acceso a documentos orais e escritos sobre o ese mesmo tema, que despois poderá usar como modelos para o seu obxectivo comunicativo. Deste modo, estudaranse todas as áreas de coñecemento do idioma, de menos a mais: de menos a mais complexo e de menos a mais "libre" (en contraposición o termo "orientado"), de modo que os alumnos vaian adquirindo cada vez mais autonomía, pero sempre en función dun obxectivo comunicativo. Neste sentido, un aspecto importante da metodoloxía que se vai seguir é a orientación das actividades cara a unha autonomía cada vez maior dos alumnos. Así, empezárase con exercicios dirixidos pola profesora -que adoitan ser iguais para todos- e, a medida que os alumnos van adquirindo as ferramentas básicas, orientaráselles cara a actividades máis creativas, onde a súa experiencia e preferencias persoais teñan cada vez máis peso.

O tipo de actividades será moi variado, para favorecer os distintos modos de aprendizaxe: unir palabras e imaxes, traducir, completar e facer diálogos, escoitar buscando información precisa, buscar nun texto ideas xerais... Por outra parte, non só se insistirá nos procesos puramente lingüísticos, senón que se ofrecerá unha visión máis ampla da cultura. Así, os alumnos reflexionarán sobre temas culturais integrados e referentes a cada unidade do libro a través de vídeos, textos e actividades con fichas, pois o obxectivo é o de ofrecerlles unas clases claramente estruturadas e centradas no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva e que achega o mundo real á aula para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural. Segundo o obxectivo de cada tarefa variarán os tipos de grupos, segundo se queira favorecer o traballo individual, en parellas ou de grupo. Neste sentido, realizaranse de cando en vez na aula actividades en grupos formados por alumnos con distinto nivel de coñecementos, habilidades e interese. Desta maneira todos poden participar e axudarse uns a outros. Parte tamén importante do enfoque metodolóxico no aprendizaxe de inglés como lingua estranxeira é o carácter cíclico dos contidos. Quere dicir isto que se fará constante utilización e revisión de todo o visto anteriormente, de maneira que o coñecemento e habilidades se van ampliando e afianzando pouco a pouco. Este carácter cíclico do aprendizaxe lévase a cabo non só dentro dun curso escolar (entre unidades e avaliacións) se non tamén ano tras ano. De feito, as estruturas lingüísticas dos cursos anteriores vólvense a ver do superior, sempre a maior nivel, de modo que acaben formando parte cada vez máis natural do seu uso da lingua. Se a pesar da revisión constante hai alumnos que necesitan reforzo ou ACl, o departamento adaptarlles a materia. Ao alumnado con Reforzo que siga suspendendo dedicaráselle máis tempo de atención na aula e actividades encamiñadas a repasar e mellorar o seu rendemento.

Tamén é parte crucial da metodoloxía o uso da lingua na aula. Isto non quere dicir que en ocasións o profesorado non poida traducir cando así o considere preciso ou dar unha explicación na lingua materna dos alumnos, pero na medida do posible, tratará de usar o inglés como vehículo de comunicación, de modo que todos os intercambios comunicativos na aula supoñan en si unha práctica para os alumnos. Do mesmo modo, animarase aos alumnos a usar tamén o idioma durante as clases de inglés (práctica que, de feito, é avaliable).

Finalmente, formará tamén parte da metodoloxía o uso de ferramentas dixitais, co obxectivo de acercar a lingua a unha xeración na que o uso de internet e o acceso a cancións, vídeos ou películas forman parte do seu modo natural de aprender e buscar información. Deste modo, os alumnos establecerán de maneira intuitiva unha relación positiva entre o aprendizaxe do inglés e unha realidade sonora e visual que para eles resulta tan habitual. Sen dúbida, deixar de lado estas ferramentas sería un erro, pois nada resulta máis motivador para os adolescentes que o feito de relacionar aquilo que lles gusta fora da aula cos contidos e habilidades que se están a adquirir na materia.

Diseñaranse tarefas globalizadas, pensadas para o alumnado traballar todas as competencias. As actividades serán de carácter flexible e orientadas á adquisición das destrezas básicas: actividades de expresión oral e escrita, de produción oral ou escrita; ou lecturas. Darase preferencia ás TICs como recurso didáctico (uso de Edixgal, Aula virtual ou páxinas web para ampliar coñecementos sobre os contidos que se traballen). Potenciarase o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua. Todas as actividades educativas tratarán de ter un carácter práctico e ser deseñadas para seren desenvolvidas de forma presencial e non presencial. Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionándolles material de reforzo e DUA; así como ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto: O libro de texto para é o que a continuación se indica: 3º E.S.O.: Options 3 (Student's book) Ed. Burlington

* Outros materiais

- Ademais deste material, todos os alumnos deberán ter un caderno de traballo de uso exclusivo para esta materia, ou unha parte do cartapacio dedicada ao inglés.
- O alumnado de 3º de ESO conta co Workbook correspondente.
- Ao alumnado que necesite reforzo ou adaptación curricular, ou que teña a materia pendente de cursos anteriores, daránselle exercicios a longo do curso en forma de fotocopias e recomendaráselles páxinas de internet para practicar.
- Fichas de traballo dadas pola profesora.

* Recursos TIC

Para a aplicación das TIC utilizaranse na medida do posible os medios cos que conta o centro: encerados dixitais e ordenadores (Proxecto Edixgal en 1º e 2º, 3º ESO e Aula Virtual en 4º ESO, etc.), reprodutores de vídeo e DVD, canóns e ordenadores portátiles con conexión a Internet nas aulas e o libro dixital.

Tendo en conta a natureza da materia de inglés, o recurso informático ao que se lle dará maior importancia será Internet, por toda a información en inglés que se pode atopar dentro e fora da aula, e polo estímulo que supón para os alumnos a procura de información e a visión de videoclips musicais, fragmentos de películas, fotos, e o propio libro de texto en formato dixital.

Contamos tamén cun número limitado de tablets (22 ipads) que se usarán sobre todo en 4º ESO.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O obxectivo da avaliación inicial é o de determinar as medidas que se deben adoptar ao longo do curso, polo tanto levarase a cabo na primeira semana de curso para todos os alumnos ou para aqueles cuxa competencia na materia e dificultades na mesma sexan descoñecidas para a profesora ca que van a traballar.

A través desta proba poderemos detectar canto antes as dificultades que presente o alumnado de maneira individual e colectiva, así como precisar se xorden outras dificultades. Dependendo dos resultados, determinarase que alumnos necesitan apoio ou reforzo, e tamén que alumnos presentan un maior nivel na materia e polo tanto deberían ler libros adaptados e facer un maior número de traballos e presentacións orais para que poidan así evolucionar na adquisición da lingua e de paso servir de exemplo para os outros. Farase tamén unha análise da información do curso anterior e en función desta análise poderanse levar a cabo as medidas de apoio / reforzo necesarias baseándonos tamén no coñecemento de cada estudante e da súa situación emocional.

En todo caso, estas medidas de apoio / reforzo serán flexibles, dependendo da evolución de cada alumno de maneira individual e do nivel de aproveitamento.

O seminario de inglés terá que valorar, por enriba de todo, a capacidade comunicativa: é dicir, o feito de emitir unha mensaxe que se entenda, aínda que o grao de perfección lingüística non sexa o que empregaría un falante nativo. O seminario elaborou unha proba, para avaliar a competencia lingüística a través de exercicios de comprensión escrita, expresión escrita, coñecemento lingüístico e comprensión oral. A expresión oral valorarase mediante a observación na aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	20	20	30	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A AVALIACIÓN será continua. Por esta razón, á hora de cualificar aos alumnos terase conta do traballo e o progreso ao longo do curso mediante anotacións e notas moi variadas de probas que avaliarán as cinco dimensións da competencia lingüística (coñecemento da lingua, comprensión oral e escrita, produción oral e escrita), ademais das outras competencias.

Ao comezo do curso farase un repaso de coñecementos previos (o que chamamos "Módulo 0" ou Introduction). Tras este repaso, en cada trimestre veranse 2 módulos, de maneira que no primeiro veranse a Introduction + módulos 1, 2; no segunda os módulos 3,4 e na terceira os módulos 5 e 6, aínda que os contidos vense acumulando debido ao carácter continuo da avaliación. Isto implica que cada trimestre se poderán avaliar os criterios e as competencias correspondentes aos trimestres previos, xa que só esta forma de entender a aprendizaxe de un idioma estranxeiro garante o desenvolvemento cada vez máis axeitado do alumnado á hora de utilizalo.

A temporalización pode sufrir cambios se non da tempo de ver os módulos previstos.

No mes de xuño, unha vez rematada a avaliación ordinaria, faranse actividades de repaso e recuperación para o alumnado coa materia suspensa e actividades de repaso e ampliación para o alumnado que xa ten a materia aprobada.

A continuación amosamos a correspondencia entre os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN e as porcentaxes ou CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN coas que se cualificarán:

PROBAS ESCRITAS (mínimo unha por trimestre)

1. COÑECEMENTO DA LINGUA (gramática e vocabulario).

* Coñecer o significado do léxico e saber utilizalo.

* Completar oracións e identificar tipos de palabras (verbo, sustantivo, etc.)

* Relacioar palabras para formar expresións, "phrasal verbs"...

* Coñecer e utilizar adecuadamente os tempos verbais.

* Coñecer e utilizar adecuadamente as estruturas gramaticais.

20%

2. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS (Listening)

* Identificar as ideas xerais.

* Identificar información concreta.

* Deducir información a partir de datos lingüísticos ou non lingüísticos (sons, tono, etc).

10%

3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (Reading)

- * Buscar nun texto información concreta.
- * Identificar a idea xeral.
- * Ser capaz de ler un texto e atopar ou deducir información aínda sen entendela todo.
- * Identificar e xustificar que información e verdadeira, falsa ou non se atopa nun texto.
- * Redactar as respostas de xeito adecuado, correcto e lóxico.

20% Na segunda avaliación farase unha proba dun libro de lectura que fará media coa proba de comprensión escrita.

4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (Writing)

- * Escribir frases correctas e textos coherentes usando vocabulario estudado e instrumentos de cohesión axeitados.
- * Redactar un párrafo ou textos de varios párrafos sobre un tema determinado, seguindo as indicacións dadas.

20%

PROBAS ORAIS (Speaking).

- * Memorizar e crear frases e diálogos.
- * Participar en conversas en grupo.
- * Facer exposicións sobre un tema determinado seguindo as indicacións dadas.

Nas probas orais avaliaranse os seguintes aspectos: estrutura, vocabulario e gramática, prosodia e comunicación non verbal e adecuación aos contidos.

20%

OUTRAS NOTAS:"Daily marks"

Observación sistemática de:

- Notas na clase: traballo e participación nas actividades de aula, uso do inglés na medida das posibilidades de cada quen, e respecto aos compañeiros, profesor e ás distintas manifestacións culturais.
- Tarefas, proxectos...
- Uso e coidado do material.
- Elaboración de redaccións e entrega das mesmas en prazo.
- Deberes, como traballo complementario.

10%

* Outros aspectos relevantes a ter en conta cara á avaliación son os seguintes:

- No caso de realizarse dúas ou máis probas do mesmo tipo, farán nota media entre si.
- En todas as avaliacións, a NOTA MÍNIMA para facer media entre exames é de 3 sobre 10 en todos os bloques (listening, speaking, "daily marks"...). A única excepción a esta norma será que se poderá facer media cunha nota inferior a 3 sempre e cando esta situación se de soamente nun bloque. Polo tanto, cun resultado inferior a 3 sobre 10 en dous ou máis bloques ao longo do trimestre, poderase obter un máximo de 4 sobre 10 na nota de avaliación.
- No caso de que algún estudante sexa descuberto copiando por medio de calquera método, o seu exame será recollido e puntuarase cun 0.

- REDONDEO:

Non se redondearán as notas menores de 5,0.

Entre 5 e 10, a partir de 0,5 redondearase sempre que os traballos estean entregados en tempo e forma e as notas de clase sexan positivas.

NOTA FINAL:

A nota media da avaliación calcularase seguindo os tantos por cento estipulados na programación:

1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 50 %. Farase coas notas reais e redondearase conforme ao sinalado anteriormente. Isto aplicarase sempre que a nota da 3ª avaliación sexa igual ou superior a 4. Se non fora así, o alumnado terá que presentarse á recuperación global final.

A) Se o resultado desta media é de 5,0 ou maior, o alumnado terá a materia aprobada e seguirase avaliando o traballo que se realice ata a data da avaliación.

Ao alumnado que así o desexe, daráselle a oportunidade de presentarse ao exame global final co fin de subir a súa nota media. (Neste caso, dita nota non se subirá máis dun punto con respecto á nota media)

B) Se o resultado desta media é menor de 5,0, o alumnado terá a materia suspensa e fará un exame global final no que poderá recuperar a materia, tendo en conta que se subirá ata unha nota de 5, sexa cal for a nota do exame global.

O exame global final terá as seguintes partes e as seguintes %:

- Gramática e Vocabulario 40%

- Writing 20%
- Reading 20%

Para o restante 20% terase en conta: 10% a media das 3 avaliacións en expresión oral e 10% a media das 3 avaliacións en comprensión oral.

Criterios de recuperación:

NOTA FINAL:

A nota media da avaliación calcularase seguindo os tantos por cen estipulados na programación:

1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30% e 3ª avaliación 50 %. Farase coas notas reais e redondearase conforme ao sinalado anteriormente. Isto aplicarase sempre que a nota da 3ª avaliación sexa igual ou superior a 4. Se non fora así, o alumnado terá que presentarse á recuperación global final.

Se o resultado desta media é menor de 5,0 o alumnado terá a materia suspensa e fará un exame global final no que poderá recuperar a materia, tendo en conta que se subirá ata unha nota de 5, sexa cal for a nota do exame global.

O exame global final terá as seguintes partes e as seguintes %:

- Gramática e Vocabulario 40%
- Writing 20%
- Reading 20%

Para o restante 20% terase en conta: 10% a media das 3 avaliacións en expresión oral e 10% a media das 3 avaliacións en comprensión oral.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

RECUPERACIÓN DE PENDENTES AO LONGO DO CURSO:

- Os alumnos coa materia pendente poderán recuperar de dúas formas:

1. A través de exames de recuperación parciais ou o exame final de xuño.
2. Superando a 2ª avaliación do curso actual.

1.- Os exames de recuperación parciais terán lugar en novembro do 2023, en febreiro e en maio de 2024. O temario de 2º ESO avaliable distribuirase deste xeito:

1. novembro: Introduction + módulos 1,2
2. febreiro : módulos 3,4
3. maio: módulos 5,6

- Se non superan estes exames cunha nota media de 5 sobre 10, deberán facer o exame oficial final de xuño, no que entrará todo (Introduction e módulos 1-6).

As clases do curso actual, dado o carácter continuo da materia, servirán para preparar e superar a materia pendente, pero ademais os alumnos recibirán boletíns con exercicios sobre léxico, gramática, comprensión escrita e produción escrita (a comprensión oral e a produción oral serán practicadas na aula ao longo do curso vixente).

Tanto nos exames parciais como no final de xuño, a nota será a obtida no exame.

Tanto os parciais como o exame da avaliación final de xuño de pendentes estará organizado segundo os seguintes criterios:

- 60% Coñecemento lingüístico
- 20% Reading
- 20% Writing.

Para preparar estas probas entregaranse aos alumnos uns boletíns de traballo sobre o que estará baseada a proba e que poderán entregar nas datas que se lle indicarán para consultar dúbidas.

Ademais, ao longo do curso os alumnos poderán preguntar dúbidas ao seu profesor, que lles axudará en función do seu horario, sempre e cando os alumnos pidan axuda ao longo do trimestre e non os últimos días, cando a profesora xa non dispón de tempo material para atender a todos á vez.

6. Medidas de atención á diversidade

O aprendizaxe dunha lingua estranxeira esixe continuidade e constante reciclaxe dos contidos, xa que para avanzar é imprescindible contar cunha base adecuada sobre a cal ir aumentando a capacidade de comunicación. Deste modo, os alumnos que van traballando e aprendendo pouco a pouco, curso tras curso, encontran neste tipo de aprendizaxe progresivo unha maneira paulatina e natural de avanzar no grao de capacidade de comunicación; porén, aqueles alumnos que, pola razón que sexa se enfrontan a un novo curso sen a debida base, perden facilmente a motivación ante un novo reto que cada vez lles resulta máis difícil. Para atender á diversidade e tendo en conta que non todo o alumnado ten as mesmas capacidades e interese de cara ao aprendizaxe do inglés, o departamento prevé as seguintes medidas:

o Detectar os coñecementos previos do alumnado e o grao de afianzamento dos mesmos mediante a AVALIACIÓN INICIAL que se levará a cabo nas primeiras semanas de actividade lectiva (os alumnos que o curso anterior estiveron coa mesma profesora terán tamén a referencia de todo un curso de clase, moito máis fiable e ampla que a que ofrece unha proba concreta). Os resultados obtidos polo alumnado na Avaliación Inicial da materia proporcionará ao profesorado información sobre as carencias e necesidades, tanto do grupo, como tamén de cada alumno de maneira individual.

o Ter en conta os INFORMES INDIVIDUALIZADOS do curso anterior que proporcionarán ao profesorado do Departamento os elementos curriculares, as competencias e as aprendizaxes esenciais do ano anterior, para garantir unha continuidade no proceso ensino-aprendizaxe.

o Ofrecer 2 horas de APOIO en 3º ESO A por ser o curso onde se atopan alumnos con maiores dificultades e 1 hora en 2º ESO B.

o Ofrecer REFORZO en todos os niveis a aqueles alumnos que non van ben na materia, que estean nalgunha destas situacións:

- Alumnado que, REPETINDO, suspendera a materia de inglés no curso anterior.
- Alumnado coa materia PENDENTE. Para estes últimos o departamento elaborará un plan especial de recuperación.
- Alumnado cun nivel competencial baixo observado desde primaria, nas probas de avaliación inicial ou o longo do curso.

o Ao alumnado con Reforzo que siga suspendendo dedicaráselle máis tempo de atención na aula e actividades encamiñadas a repasar e mellorar o seu rendemento.

o Deseñar ACS para aqueles alumnos que o necesiten segundo os informes pertinentes ou a observación no curso actual polos docentes.

o Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten ó comezar o tema, e empezar as explicacións tendo en conta os coñecementos iniciais. No caso de que os exercicios non sexan suficientes, propoñeráselles aos alumnos actividades de reforzo (en papel, Internet, en forma de lectura, etc).

o Incluír nos exames exercicios con un nivel de complexidade distinto, de maneira que haxa actividades que se poidan facer aínda que os alumnos non teñan unha boa base de inglés, e outros que requiran coñecementos e razoamentos máis profundos, sempre dentro do nivel que se está impartindo.

o Propoñer actividades de AMPLIACIÓN. De vez en cando poderase pedir aos alumnos que busquen información sobre determinados temas, xeralmente relacionados coa cultura dos países de fala inglesa (cantantes, obras literarias, etc), para que o expoñan na clase. Estas actividades, de carácter voluntario, en ningún caso restarán nota. Deste modo foméntase a expresión oral e motívase aos alumnos que queiran ampliar coñecementos.

o Realizar na aula actividades en grupos formados por alumnos con distinto nivel de coñecementos, habilidades e interese. Desta maneira todos poden participar e axudarse uns a outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.		X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.			X	X			
ET.7 - A creatividade.		X	X	X	X	X	X
ET.8 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - O fomento do espírito crítico e científico.		X	X	X	X	X	X
ET.11 - Cidades e comunidades sustentábeis.				X			
ET.12 - Saúde e benestar.					X		X
ET.13 - Producción e consumo responsábeis.						X	
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres.		X					
ET.15 - Vida submarina.		X					
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico.	X			X		X	X
ET.17 - Acción polo clima.		X					
ET.18 - Redución das desigualdades.			X				
ET.19 - Paz, xustiza e institucións sólidas.			X				

Observacións:

As unidades caracterizaranse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratarán case todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do uso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, o emprendimento social e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1.Procura de información en Internet relacionada coa lingua e/ou cultura de países de fala inglesa, especialmente a través da música. inglés e traballos escritos e/ou orais.	O alumnado terá a oportunidade de disfrutar de coñecer os países de fala inglesa a través de diferente información, especialmente da música.	X	X	X
Uso de películas ou fragmentos de películas na aula.	O alumnado terá a oportunidade de mellorar o seu coñecemento da lingua inglesa a través de películas ou fragmentos das mesmas.	X	X	X
Lecturas de libros en inglés adaptados ou sen adaptar , dependendo do grao de coñecemento da lingua e motivación do alumnado e presentación de traballos escritos e/ou orais sobre as mesmas.	A lectura en lingua inglesa axudará a motivar ao alumnado e a mellorar o seu grao de coñecemento.		X	

Observacións:

Na medida do posible, cando o desenvolvemento dos contidos da programación e as circunstancias particulares do curso o permitan, contémpase a posibilidade de realizar algunha das anteriores actividades complementarias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.Programa a materia tendo en conta os contidos e criterios de avaliacion previstos nas leis educativas.
2.Programa tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
7. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
Metodoloxía empregada
4.Programa actividades e estratexias en función dos contidos e criterios de avaliación.
6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e das súas alumnas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
9. Formula actividades que permitan a adquisición dos contidos e as destrezas propias de cada etapa
Medidas de atención á diversidade
3. Selecciona e secuencía de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
Clima de traballo na aula
8. Promove o traballo cooperativo e mantén unha boa comunicación cos alumnos.

Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e da práctica docente, teranse en conta os anteriores indicadores de logro, cubrindo unha táboa onde se indicarán os seguintes elementos:

INDICADORES VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso do ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e lavarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións de departamento os membros analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento da marcha do curso. Na reunión do departamento posterior ás avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizaranse a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados